


# Club de lectura



# “O verme azul”



## Razóns para non facerte membro:

0.000 (Ceromil cerocentos cerenta)

## Razóns para facerte membro:

- Tes as condicións axeitadas para pertencer ao club.
- É completamente gratuíto.
- Podes descubrir que ler resulta entretido.
- Podes relacionarte con xente doutros grupos e cursos.
- Podes intercambiar opinións, coñecer os puntos de vista alleos e que outros coñezan os teus.
- Podes aprender.
- Terás un auténtico caderno de lectura.

## Que necesitamos?

Lectores, entre os que nos gustaría que estiveses ti.

Libros, que nas bibliotecas adoitamos ter uns cantos.

## Que imos facer no club e como?

Como xa terás adiviñado, imos ler.

Leremos todos/as (cada un na súa casa e ao seu ritmo) o libro proposto (ou unha parte do mesmo se é moi gordo) pola persoa coordinadora e, unha vez cada catro semanas, reuniremonos no recreo para falar do que teñamos lido nese tempo.

Cada un é quen de exceder o límite establecido na lectura, pero ten que cumprir unha regra: “NON DESTRIPAR O CONTO AOS DEMAIS”

Non é unha obriga intervir nos debates.

Os libros non teñen que comprarse, poden ser emprestados pola biblioteca do centro.

## Que pasa se non tivemos tempo de ler o fragmento proposto?

Non temos que darnos de baixa por iso, xa que é unha actividade totalmente voluntaria. Podemos asistir igual á reunión, escoitar a opinión dos demais e participar no debate.

## Que imos comentar nos debates?

Calquera cousa que estea relacionada coa lectura que fixemos: o estilo, os personaxes, os acontecementos, os diálogos, as descrições, experiencias reais que nos recorden o lido, a nosa opinión sobre distintos aspectos,...

## Cando e onde te podes apuntar?

Cando: desde o día 23 de setembro ata o día 11 de outubro (ambos os dous incluídos).

Onde: na biblioteca.